

CONSELLERÍA DO MAR

Cédula do 8 de xuño de 2010, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de notificacións de resolucións de expedientes sancionadores (PESANI 2009/001490-1 e dous máis).

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), notifícaselles ás persoas que a continuación se relacionan, as resolucións dos expedientes instruídos por infracción da Lei 8/2004, do 30 de xullo, de protección, control, infraccións e sancións en materia marítimo-pesqueira de Galicia (DOG nº 162, do 20 de agosto).

Os interesados dispoñen dun prazo de dez días, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste edicto, para examinar o expediente e interpoñer, dentro do prazo que en cada caso se estableza, o recurso pertinente.

Os expedientes relacionados deseguido atópanse á disposición dos interesados no citado Departamento Territorial da Coruña, Ramón y Cajal, s/n, 5ª planta.

Nº de expediente: PESANI 2009/001490-1.

Denunciada: Sara Victoria Pujol Puente.

DNI: 35590765-J.

Enderezo: avda. do Mar, 7, Mugardos.

Precepto infrinxido: 11.1º, 11.2º.

Sanción: 501 euros.

Nº de expediente: PESANI 2009/001493-1.

Denunciado: Manuel Conchado Giménez.

DNI: 32618696-G.

Enderezo: estr. Cedeira, 6, Freixeiro-Narón.

Precepto infrinxido: 11.1º, 11.2º.

Sanción: 700 euros.

Nº de expediente: PESANI 2009/001559-1.

Denunciado: Óscar Simil Rivas.

DNI: 52933280-E.

Enderezo: A Ribeiriña, s/n, A Pedra Grande-A Pobra do Caramiñal.

Precepto infrinxido: 12.6º.

Sanción: 30.001 euros.

De conformidade co previsto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 23 de novembro de 2001 (DOG nº 235, do 5 de decembro), os importes das devanditas sancións deberán ser aboados nos prazos que establece o Regulamento xeral de recadación, ou do contrario procederase, sen máis trámite, ao seu cobro pola vía de constrinximento regulamentaria. Para o pagamento en período voluntario os interesados deberán recoller no antedito departamento territorial da Consellería do Mar o documento de ingreso correspondente.

A Coruña, 8 de xuño de 2010.

Juan Carlos Barreiro González
Xefe territorial da Coruña

PORTOS DE GALICIA

Resolución do 24 de maio de 2010 pola que se anuncia trámite de competencia de proxectos relativo á solicitude presentada por Galicia Mar Renovables, S.L. dunha concesión administrativa no porto de Cariño.

A entidade *Galicia Mar Renovables, S.L.* solicitou a este ente público unha concesión administrativa no dominio público portuario do porto de Cariño con destino á instalación de nave industrial para a ensamblaxe de sistemas de xeración de enerxía undimotriz expedidos por vía marítima.

O que, en cumprimento do artigo 110 da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos nos portos de interese xeral, aplicable en defecto de lexislación autonómica propia, faise público para que nun prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* se poidan presentar outras solicitudes que teñan o mesmo ou distinto obxecto que aquela, debendo ser compatibles co Plan de Utilización dos Espazos Portuarios no porto de Cariño, e que deberán reunir os requisitos previstos no artigo 109 da citada Lei 48/2003.

As solicitudes poderán presentarse mediante escrito dirixido ao presidente do ente público Portos de Galicia, sito no edificio de Área Central, praza de Europa, 5-A, 6º, Santiago de Compostela. O plano de localización da concesión solicitada atópase á disposición do público para o seu exame en horas de oficina, nas oficinas da zona norte deste ente público, r/ Nicomedes Pastor Díaz, 13, Lugo e na páxina web www.portosdeg Galicia.es, no punto de «documentos» e dentro de «pregos e documentos».

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2010.

José Manuel Álvarez-Campana Gallo
Presidente de Portos de Galicia

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Cédula do 28 de maio de 2010, da Área Provincial da Coruña, pola que se lle notifica ao interesado o acordo de incoación do expediente sancionador VP-C-6/10.

Por medio desta cédula e en cumprimento do disposto no artigo 59 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, en relación co artigo 13 do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, que aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, notifícaselle ao interesado a incoación do expediente sancionador VP-C 6/10 por infracción tipificada no artigo 110.4 F da Lei 18/2008, do 29 de